



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: DECRETO CONVOCATORIA DE APERTURA DE PRAZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CURSO 2026-2027

En cumprimento do establecido nos artigos 46, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, faise pública o seguinte Decreto do Alcalde número 440/2026, do 08-04-2026.

<< DECRETO DO ALCALDE: DECRETO CONVOCATORIA DE APERTURA DE PRAZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CURSO 2026-2027 EXPEDIENTE: 2026/S004/000001

Antecedentes administrativos.

Vista a proposta da concelleira de servizos sociais de data 8 de abril de 2026, na que se establece a convocatoria de apertura de prazo para a escola infantil municipal para o curso 2026-2027.

Visto o Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Padrón, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 203, de data 4 de setembro de 2006.

Visto o artigo núm. 9 do citado Regulamento onde se fai referencia ás solicitudes de novo ingreso.

Fundamentos de dereito.

Único. Visto o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, que establece que a Alcaldía ostenta as atribucións que expresamente lle atribuían as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen o Municipio e non atribuían a outros órganos municipais.

RESOLVO:

Primeiro. Abrir o período de presentación para solicitudes de novo ingreso na Escola Infantil Municipal de Padrón, dende o día 9 de abril 18 de abril do 2026.

Segundo. Publicar a presente resolución mediante inserción da mesma no taboleiro de anuncios do Concello así como no da Escola Infantil Municipal.

Terceiro. Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca >>